

**CURSO BÁSICO DE VOLUNTARIADO**

TÍTULO DO CURSO	CONTIDOS	HORAS	LUGAR DE REALIZACIÓN/DATAS.	PREZO/LUGAR INSCRIPCIÓN
Formación básica en voluntariado	<p><b>1. Dereitos e deberes da persoa voluntaria.</b>  <b>2. Riscos do voluntariado.</b>  <b>3. Introducción á cooperación e á ED. Os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible</b>  <b>4. Voluntariado en cooperación ao desenvolvemento.</b>  <b>5. As motivacións do voluntariado.</b>  <b>6. O traballo en grupo.</b>  <b>7. Asertividade nas relacións de axuda.</b>  <b>8. As habilidades sociais.</b></p>	<p><b>Total:</b>  <b>16 horas presenciais</b></p>	<p>Universidade da Coruña (campus Ferrol)  <i>Datas e lugar:</i>  <b>Día 13 de marzo</b>  <b>Edificio de Apoio ao Estudo</b>            (Aula -1.2)            De 9:30 a 14:00            De 16:00 a 20:30</p> <p><b>Día 14 de marzo</b>  <b>Edificio de Apoio ao Estudo</b>            (Aula -1.2)            De 10:00 a 14:30            De 16:00 a 20:30</p>	<p><b>15 euros non voluntariado</b></p> <p><b>Oficina de Cooperación e Voluntariado da Universidade da Coruña</b></p>

**PROGRAMA DESCRITIVO** (Consideracións xerais sobre o curso)

*Metodoloxía.*

O curso utilizará unha metodoloxía dinámico – participativa.

*Obxectivo do curso.*

- Que as persoas participantes poidan acadar as habilidades básicas para o comezo da súa labor no ámbito de voluntariado local e internacional.
- Adquisición das nocións básicas para coñecer os eidos da cooperación e a educación ao desenvolvemento, así como a Axenda 2030 e os seus ODS.

TEMA	HORAS	PERFIL DOCENTE	DOCENTE	DATA/HORA	CONTIDOS.
<b>1. Dereitos e deberes da persoa voluntaria.</b>	2	Diplomado/licenciado con experiencia no ámbito do voluntariado.	Ricardo Puertas Mosquera	13 de marzo 9.30-11.30	Ofrecer unha visión obxectiva dos dereitos e deberes do voluntariado, asemade sensibilizar sobre os principios éticos para o desenvolvemento da labor voluntaria. Como marco de referencia teranse en conta as seguintes leis: 1- “Ley 45/2015 de 14 de outubro de voluntariado”. 2- Lei 28/2011 do 28 de decembro de acción voluntaria de Galicia.
<b>2. Riscos do voluntariado</b>	2	Diplomado/Licenciado, preferiblemente con formación especializada en Prevención de Riscos.	Ricardo Puertas Mosquera	13 de marzo 12.00-14.00	Facer unha abordaxe integral dos riscos e da súa prevención dun xeito específico no que atinxe a labor da persoa voluntaria. Terán especial mención os riscos a nivel emocional, que poderán ser traballados de maneira participativa co alumnado. Sensibilizarse a nivel xeral sobre os riscos do voluntariado de cara a labor a desenvolver.
<b>3. Introducción á Cooperación e á Educación ao Desenvolvemento. Os ODS.</b>	2	Licenciada con experiencia en programas de voluntariado, cooperación e educación ao desenvolvemento.	Vanessa Míguez Martín	13 de marzo 16.00-18.00	Introducir dun xeito básico e dinámico o ámbito da cooperación e a educación ao desenvolvemento, promovendo a reflexión crítica sobre os contidos tratados. A Axenda 2030 e os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible serán tratados transversalmente.
<b>4. Voluntariado en cooperación ao desenvolvemento</b>	2	Licenciada con experiencia en programas de voluntariado e cooperación ao desenvolvemento.	Vanessa Míguez Martín	13 de marzo 18.30-20.30	Dar unha visión conceptual e práctica do ámbito do voluntariado na cooperación ao desenvolvemento

<b>5. As motivacións do voluntariado</b>	2	Licenciada con experiencia en diferentes ámbitos do voluntariado. Con experiencia en OCV.	Lucía Pintor Mourazos	14 de marzo 10:00 a 12:00	Explorar as motivacións do voluntariado dun xeito dinámico a través de dinámica de grupos.
<b>6. Traballo en grupo</b>	2	Licenciada con experiencia docente en dinámica de grupos, e experiencia no traballo en grupo, sendo preferible experiencia en coordinación de equipos dentro de ONG`S	Lucía Pintor Mourazos	14 de marzo 12:30 a 14:30	Facer unha abordaxe das características do traballo en grupo. Prover os participantes dos coñecementos e técnicas básicas para o traballo grupal. Facer unha análise dos aspectos positivos e mellorables que pode ter o traballo en grupo en función da experiencia previa das e dos participantes neste ámbito.
<b>7. Asertividade nas relacións de axuda.</b>	2	Licenciado con experiencia no campo da comunicación humana.	José Luis Castro Feijoo	14 de marzo 16:00 a 18:00	Introducir dun xeito básico os estilos de comunicación. De xeito específico, incidir no estilo de comunicación “asertivo” na relación de axuda. Transmitir e ensinar a asertividade dunha forma dinámica e participativa, utilizando técnicas como xogo de roles, etc.
<b>8. As habilidades sociais</b>	2	Licenciado con experiencia no campo da comunicación humana.	José Luis Castro Feijóo	14 de marzo 18:30 a 20:30	Traballar as habilidades sociais explorando os seus compoñentes. Traballar comportamentos, pensamentos, que poidan levar a resolver unha situación social de xeito efectivo. Ensinar as habilidades sociais dun xeito dinámico, facendo fincapé na participación do alumnado neste bloque.

Este programa está suxeito a cambios de tipo organizativo